

## Conservación e restauración de bens culturais en Galicia

Adelaida Lorenzo Sueiro

Directora da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

[adelaidalorenzo@edu.xunta.es](mailto:adelaidalorenzo@edu.xunta.es)

A ensinanza de conservación-restauración de bens culturais ten xa unha longa traxectoria na nosa Comunidade autónoma. Como carreira ou titulación específica, remóntase ao curso académico 1991-1992 que é cando comeza a súa andaina a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia con sede en Pontevedra.

Coa LOXSE estes estudos teñen o valor de diplomatura universitaria pero, a pesar de que adquiren a consideración de ensinanza superior, pasan a formar parte das denominadas ensanzas de réxime especial, englobadas nas de artes plásticas e deseño. Non se chega a desenvolver unha normativa específica que lles dea un tratamento diferenciado do resto das ensanzas de rango escolar, que as aproxime, minimamente, ao status que gozan os estudos universitarios.

Actualmente, a LOE, volve reafirmar a súa situación dentro das ensanzas artísticas superiores, xunto con música e danza, arte dramática, deseño e artes plásticas. O Estado prevé, así mesmo, a creación do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e establece que estes estudos constitúen a educación superior, ao lado doutros, entre os que inclúen os universitarios, aínda que estes se regulen por normas específicas.

A nova lei, pendente de desenvolvemento, xa nos sitúa no Marco Europeo da Educación Superior cunha titulación equivalente ao

grao universitario, establece a posibilidade de abordar os posgraos dende as escolas superiores de Conservación e Restauración e, incluso, abre as portas á investigación e á realización do doutoramento.

Vese claramente a necesidade de adecuar as diferentes ensanzas artísticas superiores ao Espazo Europeo de Ensinanza Superior, o que supón dotar os centros que imparten estudos superiores, da personalidade xurídica e autonomía administrativa e académica axeitadas.

Tamén parece conveniente a creación, en cada Comunidade autónoma, dun organismo que coordine as ensanzas artísticas superiores e a relación co Consello Superior de Ensinanzas Artísticas.

**O compromiso da nosa escola coa cultura é formar os profesionais que van actuar directamente sobre obxectos orixinais irremprazables, a miúdo únicos e de gran valor**

En canto á formación do profesorado, os responsables educativos deben promovela activamente para garantir os coñecementos e as didácticas específicas, a utilización das novas tecnoloxías e a formación en linguas estranxeiras, pois van ter encomendada a educación e a formación de futuros profesionais altamente competitivos, cualificados e capaces de realizar de forma razoada, intervencións complexas de conservación-restauración.

É necesaria, así mesmo, a ordeación coherente das titulacións e o establecemento dunha correspondencia das mesmas en sintonía con outros movementos máis alá das nosas fronteiras, que permita o fomento de programas europeos de intercambio.

A LOXSE supuxo un fito ao establecer esta titulación como ensinanza superior non universitaria, o que levou consigo unha reforma dos plans de estudo e supuxo a creación das “ensanzas de réxime especial” con tratamento normativo singular. A finalidade era conseguir valores que se puidesen alcanzar mediante unha determinada organización das ensanzas artísticas no seu grao superior, e con plena equiparación coa ensinanza universitaria.

O compromiso da nosa escola coa cultura é formar os profesionais que van actuar directamente sobre obxectos orixinais irremprazables, a miúdo únicos e de gran valor artístico, relixioso, histórico, científico, cultural, social ou económico. Isto é o que sinala a diferenza entre esta profesión e aquelas puramente artísticas ou artesanais, xa que o conservador-restaurador non crea obxectos culturais novos.

De aí que o obxectivo fundamental sexa atender as necesidades de formación dos futuros profesionais, facendo énfase na interdisciplinabilidade dos coñecementos requiridos e no afondamento nos contidos técnicos, orientados cara á utilización da máis alta tecnoloxía.

Todo iso co fin de conseguir unha formación integral que reflecta o nivel superior no que se inscriben estas ensanzas, mellorando a capacidade dos profesionais para aplicar os criterios que presidirán as actuacións sobre os bens de interese cultural.

O currículo implica, pois, concentrar os períodos lectivos en tres cursos académicos, e a maior car-

ga correspóndelles ás materias relacionadas coas prácticas de conservación e restauración, sen restar importancia aos contidos específicos de técnicas artísticas, humanidades e técnico-científico. Nas prácticas de conservación e restauración trabállase con obra real, grazas aos acordos que a escola mantén con diversas institucións que lle confían os seus bens culturais.


A formación práctica do alumnado queda reforzada coa realización voluntaria de prácticas en empresas e en museos, a través dos convenios de colaboración que a escola ou a Consellería de

Educación asina coa institución correspondente, vinculando así a formación dos novos técnicos cun programa de inserción laboral.

Os profesores da escola sentimos a necesidade de ampliar o campo da educación e, ao mesmo tempo, dar a coñecer unha profesión que cada vez adquire máis prestixio e recoñecemento. Nace así, a actividade académico-cultural reflectida na organización de exposicións e na elaboración de catálogos que permitan ampliar as posibilidades de difusión do que se está a facer neste centro. É, en definitiva, unha actividade que pretende ser un fiel reflexo da minuciosidade e cariño

con que se realizan os traballos na escola, na que interveñen profesores e alumnos.

Dispoñemos dun rico patrimonio cultural que cómpre conservar, restaurar, protexer e expoñer. Iso axúdanos a coñecer mellor o noso pasado e amosar a nosa identidade dun xeito universal.



Xesús  
SUSO

## Rodríguez Jares JARES

Unha longa e dura enfermidade arrebatounos a este home de ben, grande profesional e amigo entrañable. A despedida produciuse o pasado mes de setembro nun acto cheo de emoción e de afectos, que el mesmo deixou preparado ata o seu último detalle. Nun amplo recinto atestado de xente, quixo que duascenas rosas vermellas simbolizasen o seu amor polas persoas que, coma el, crían nun mundo pacífico. Polo estrado desfilaron compañeiros e amigos que malamente podían controlar a emoción, e un grupo musical encheu de espiritualidade un acto presidido pola imaxe afable de Suso Jares, proxectada nunha ampla pantalla.

Así foi a despedida especial dun ser, tamén especial, que soubo

inundar de paz un momento de enorme tristura, no que as bágoas quebraban a voz dos que compartiron con el ideais, alegrías e preocupacións.

Suso colaborou con *Eduga* nunha magnífica entrevista que publicamos no número 51, dedicado a Educación e cidadanía. Unha testemuña máis das moitas que deixan constancia da súa altura intelectual e talante democrático.

Vaise un grande home, pero queda un enorme legado que o manterá vivo na nosa memoria. Agora toca recoller o testemuño para conseguir entre todos o mundo pacífico e solidario que el quería.